

## Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e a Asociación Galega de Hemofilia (AGADHEMO)

En Santiago de Compostela.

### REUNIDOS

Dunha parte, Don **ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ**, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 60/2022 do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, e do establecido no Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (en diante Consellería).

Da outra, Dona **LAURA QUINTAS LORENZO**, con DNI 76.720.274-W, en calidade de presidenta da Asociación Galega de Hemofilia (en diante AGADHEMO), elixida para este cargo na asemblea do 7 de marzo de 2024, con CIF G-15220577 e domicilio social en Rúa do Doutor Carracido 128, Lavadores, 36205 Vigo (Pontevedra); inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, co núm. 2003/006348-1, tal e como consta na resolución de inscrición da Xunta Directiva do 30 de abril de 2003.



## EXPOÑEN

1. Que a Consellería é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

2. Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Neste sentido, tanto na normativa educativa estatal, na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, así como no desenvolvemento curricular estatal e da Comunidade Autónoma de Galicia, faise explícita a necesidade do coñecemento e prevención de enfermidades e a promoción de hábitos de vida saudables.

3. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, refire no seu artigo 4.3 que "Sen prexuízo de que ao longo do ensino básico se garanta unha educación común para todo o alumnado, adoptárase a educación inclusiva como principio fundamental, co fin de atender á diversidade das necesidades de todo o alumnado, tanto do que ten especiais dificultades de aprendizaxe como do que ten maior capacidade e motivación para aprender. Cando tal diversidade requírao, adoptáranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes, segundo o disposto na presente lei, conforme aos principios do Deseño Universal de Aprendizaxe, garantindo en todo caso os dereitos da infancia e facilitando o acceso aos apoios que o alumnado requira".

4. Así mesmo, o artigo 71.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, di que "Corresponde ás Administracións educativas asegurar os recursos



necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado” e o establecemento de convenios de colaboración con entidades que atenden a este alumnado vai axudar no cumprimento da normativa.

5. Que AGADHEMO é unha entidade sen ánimo de lucro de ámbito autonómico, integrada por pais e nais e demais persoas sensibilizadas ou afectadas por hemofilia, creada no 2003 coa finalidade principal de reivindicar a asistencia médica, especializada e multidisciplinar para todos os nenos e nenas hemofílicos.

6. Que AGADHEMO ten como misión primordial, tal e como se explicita no artigo 4 dos seus Estatutos, “promover a toma de conciencia por parte da sociedade, organismos e institucións, dos problemas que suscita a hemofilia e outras coagulopatías”.

7. Que AGADHEMO é unha entidade que ten entre as súas principais finalidades (tal e como se explicita no artigo 4 dos seus Estatutos) as seguintes:

a) Impulsar e promover a toma de conciencia por parte da sociedade, organismos e institucións, dos problemas que suscita a Hemofilia, en especial daqueles que teñan relación coas necesidades das persoas con hemofilia e outras coagulopatías, tanto desde o punto de vista médico-sanitario como social, educativo e profesional, fomentando as accións e medidas que procedan para o máis adecuado tratamento.

b) Promover a afiliación á Asociación das persoas residentes na Comunidade Autónoma de Galicia, con deficiencias dos factores anti-hemofílicos ou outros factores conxénitos da coagulación, así como das posibles persoas portadoras ou transmisoras, procurando o control permanente do grupo, desde o punto de



vista dos descendentes.

c) Preocuparse pola adecuada educación tanto das persoas portadoras da deficiencia como das súas familias, con respecto á prevención e tratamento das persoas enfermas e do seu capacitación social, educativa e profesional.

d) Realizar as xestións oportunas conducentes a obter a colaboración cos fins da Asociación dos servizos médicos especializados ,centros de ensino e formación profesional, organismos e institucións, empresas e en xeral cantos poidan contribuír directa ou indirectamente á atención das persoas con hemofilia e outras coagulopatías e aos fins desta Asociación.

e) Promover a integración, creación, e promoción de centros laborais, educativos, ocupacionais e profesionais, incluídos os centros especiais de emprego.

f) Participar, promover, e crear iniciativas empresariais nas que teña prioridade a inserción laboral de persoas con discapacidade, en postos adaptados ás súas capacidades e en condicións de igualdade cos demais traballadores e traballadoras. Terán prioridade:

- Os Centros Especiais de Emprego dos que a titularidade maioritaria pertenza a unha Asociación sen ánimo de lucro e os seus beneficios repercutan integramente nas propias persoas traballadoras con discapacidade e/ou na labor social de devandita Asociación.
- Os Centros Especiais de Emprego que adopten a forma xurídica de Cooperativas ou Sociedades Laborais, a condición de que o grupo de persoas traballadoras con discapacidade que compoñen devandito centro, posúan polo menos o 51% da titularidade do mesmo e no que os beneficios repercutan integramente nas propias persoas traballadoras do Centro ou nunha Asociación sen ánimo de lucro pertencente o movemento Asociativo.

Así mesmo promoverán a creación de centros residenciais, vivendas tuteladas e de protección oficial, para os membros desta Asociación, e calquera outra actividade ou iniciativa autorizada por Lei que redunde en beneficio das persoas asociadas.

g) Axudar as persoas con hemofilia e outras coagulopatías na solución dos seus



problemas específicos de asistencia médica, educación, orientación e formación profesional, e emprego. Para lograr canto antecede a este apartado, a Asociación poderá adoptar calquera medida que a lexislación estatal ou autonómica autorice.

h) Realizar accións para a divulgación de información sobre a hemofilia e outras coagulopatías, dirixidas a toda a sociedade, fomentando así mesmo programas de investigación e perfeccionamento.

i) Emprender, manter e desenvolver contacto e intercambio de información e experiencias coas entidades ou asociacións nacionais e estranxeiras con finalidades similares ás desta Asociación. Así como a formalización de acordos, proxectos e programas de cooperación nacionais e internacionais con entidades ou asociacións en ditos ámbitos ao obxecto de prestarnos á axuda mutua necesaria para á consecución dos nosos obxectivos comúns.

Alcanzar todos os fins recollidos nos estatutos en toda a poboación mundial, polo cal incorpora como un fin en si mesmo, a responsabilidade de cooperar con outros países para loitar contra a pobreza e poñer ao servizo dos pobos mais desfavorecidos e con menor grao de desenvolvemento e situación de extrema necesidade dos grupos especialmente vulnerables da súa sociedade; potenciando os seus recursos humanos e materiais no cumprimento de ditos fins; contribuíndo á xustiza e equidade nas relacións comerciais, políticas e estratéxicas na comunidade internacional e en especial sobre cobertura das necesidades sociais básicas, dos grupos especialmente vulnerables; atender as situacións de emerxencia das poboacións máis desfavorecidas; impulsar e promover a participación social e cidadá ; promover a sensibilización das sociedades e as institucións no norte para aproximar progresivamente o esforzo da cooperación ao 0,7% dos orzamentos. Todos estes obxectivos estarán orientados e dirixiranse a mellorar a atención, situación, tratamento e difusión de información e facilitar o acceso aos recursos, sobre as necesidades das persoas con hemofilia e con deficiencias dos factores de coagulación, as súas familias, xunto coas entidades ou asociacións nacionais e estranxeiras con finalidades comúns coas cales se estableza, manteña e desenvolva contactos e intercambios de información e experiencias. Dito fin realizarase en todo caso segundo as liñas de actuación, obxectivos e prioridades contidas no Plan Director de Cooperación para o Desenvolvemento e nos plans anuais que o



desenvolvan na Comunidade Autónoma Galega.

l) A realización de programas e actividades, así como a creación de seccións específicas dirixidas a grupos sectoriais dentro da propia discapacidade, como poden ser os grupos de mozos e mozas, mulleres, ou calquera outro en risco de exclusión social.

m) Programas e actividades relacionados co fomento e participación do voluntariado social.

n) Promover campañas de difusión e información da hemofilia e outras coagulopatías entre a poboación xuvenil afectada, á procura dunha mellor integración social que favoreza a súa calidade de vida.

ñ) Promover e financiar as actividades que os socios e socias xuvenís previstos no artigo 5.1. dos estatutos, realicen dirixidas a obter mecanismos que fagan máis compatible o tratamento da hemofilia e/ou outra coagulopatía co seu tempo de lecer, a súa etapa formativa e a laboral.

8. Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir "apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas".

En atención a estas consideracións, as dúas entidades teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo do coñecemento da hemofilia e outras coagulopatías.

En consecuencia, a Consellería e AGADHEMO acordan subscribir este convenio conforme as seguintes



## CLÁUSULAS

### **Primeira.** *Obxecto do convenio*

O convenio ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería e AGADHEMO nas accións e actividades dirixidas ao coñecemento da hemofilia e outras coagulopatías.

### **Segunda.** *Persoas beneficiarias*

As persoas beneficiarias da colaboración prevista neste convenio serán directamente o alumnado de todas as etapas e niveis regulados pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e na súa redacción dada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, escolarizado en centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería, o profesorado e as familias dese alumnado.

### **Terceira.** *Desenvolvemento da colaboración*

1. A Consellería promoverá na formación permanente do profesorado, que desenvolve por medio das estruturas de formación e nas distintas modalidades formativas, a colaboración de AGADHEMO nas accións relativas ao coñecemento da hemofilia e outras coagulopatías.
2. A Consellería e AGADHEMO colaborarán na sensibilización e na difusión de materiais e documentos que permitan un maior coñecemento das circunstancias específicas asociadas a hemofilia e outras coagulopatías.
3. A Consellería facilitará a colaboración do persoal profesional de AGADHEMO nos centros docentes dependentes da Consellería no coñecemento da hemofilia e outras coagulopatías.



A solicitude de colaboración do persoal profesional de AGADHEMO debe realizarse por parte do centro docente, e as liñas xerais desa colaboración poderán ser:

a) Asesoramento na atención educativa ao alumnado con hemofilia e outras coagulopatías escolarizado nos centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, así como aos centros que escolaricen a este alumnado, ao seu profesorado e ás súas familias.

b) Propoñer actuacións de carácter preventivo e concretas, que poderán ser levadas a cabo polo equipo docente do centro educativo, dirixidas ao coñecemento da hemofilia e outras coagulopatías.

c) Colaboración na orientación sobre metodoloxías axeitadas ao coñecemento da hemofilia e outras coagulopatías.

d) Información e formación naqueles aspectos que o persoal dos centros docentes requira en relación co tratamento educativo do alumnado con hemofilia e outras coagulopatías.

**Cuarta.** *Características da colaboración do persoal da Asociación Galega de Hemofilia (AGADHEMO)*

1. Tendo en conta os termos xerais referidos na cláusula anterior e o principio de autonomía pedagóxica, organizativa e de xestión dos centros docentes, o director ou a directora de cada centro, o persoal especialista de AGADHEMO e as familias do alumnado con hemofilia e outras coagulopatías, establecerán de mutuo acordo e por escrito, seguindo o establecido neste convenio, os termos concretos desa colaboración. Eses termos deben formar parte das medidas de atención á diversidade previstas no Plan Xeral de Atención á Diversidade, das normas de organización, funcionamento e convivencia e/ou das correspondentes programacións xerais anuais de cada centro.

2. O profesorado titor ou, se é o caso, profesorado designado pola dirección do centro será o responsable de coordinar as posibles actuacións concretas das





persoas especialistas de AGADHEMO en cada un dos casos e de manter informada a cada unha das familias.

3. As actuacións do persoal especialista de AGADHEMO nos centros docentes, entenderanse dentro do principio de colaboración entre todas as persoas que atenden a un mesmo alumno ou alumna e coa finalidade de facilitarlle unha atención educativa inclusiva e axustada á súa particular forma de ser e de aprender. Este persoal deberá reunir a formación profesional e técnica adecuada que se require para atender ao alumnado con hemofilia e outras coagulopatías; ter cumprida as obrigas impostas polo capítulo II do título V da Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte a violencia; ter regularizada a súa situación laboral con AGADHEMO e respectar os principios de autonomía organizativa de cada centro docente, así como o seu proxecto educativo.

#### **Quinta. Financiamento**

Este convenio non leva consigo aparelladas obrigas económicas para ningunha das partes.

#### **Sexta. Relacións laborais**

A subscrición deste convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal da Asociación Galega de Hemofilia (AGADHEMO) e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

#### **Sétima. Comisión de seguimento**

1. Para a coordinación e desenvolvemento deste convenio constituirase unha comisión mixta, formada por catro persoas. Cada unha das partes designará dúas, correspondendo a presidencia e a secretaría da comisión ás persoas representantes da Consellería.



2. A comisión reunirse, con carácter ordinario, unha vez cada curso escolar. A reunión terá lugar no primeiro trimestre do curso, logo da convocatoria realizada pola presidencia da comisión, e sempre que unha das partes o solicite.

3. Correspóndenlle á comisión mixta as seguintes atribucións:

a) Velar polo adecuado desenvolvemento do convenio e resolver calquera dúbida que se xere respecto del, sen prexuízo do establecido na lexislación correspondente.

b) Analizar o funcionamento desta colaboración e realizar, de ser o caso, propostas de mellora.

c) Elaborar unha ficha de seguimento anual do convenio sobre o funcionamento do mesmo.

d) Difundir e promover o convenio asinado entre ambas as partes.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **Oitava.** *Natureza e réxime xurídico*

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no artigo 6.

Segundo o artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as relacións xurídicas, os negocios e os contratos excluídos do ámbito desta lei rexeranse polas súas normas especiais, aplicándose os principios da mesma para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Así pois, as dúbidas que puidesen xurdir en relación coa interpretación das cláusulas deste convenio, serán resoltas pola comisión mixta. En caso de



discrepancias, serán competentes os órganos xudiciais da orde contencioso-administrativa, tralo esgotamento da vía administrativa.

#### **Novena.** *Protección de datos e confidencialidade*

Ambas as partes comprométense a cumprir as obrigas que se derivan da normativa en protección de datos que se desprende da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ditada para adaptar a lexislación española ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polas partes asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPD.

#### **Décima.** *Transparencia*

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

#### **Décimo primeira.** *Resolución*

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.



### **Décimo segunda.** *Vixencia*

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e durará ata finais do curso académico 2026-2027, isto é o día 31 de agosto de 2027, podendo ser prorrogado expresamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a modificación do seu prazo de execución.

De conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a vixencia máxima das prórrogas do convenio non poderá superar o límite temporal establecido.

### **Décimo terceira.** Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da



notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Lido o Convenio asínase dixitalmente polas partes.

POLA CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES,

O CONSELLEIRO,

Román Rodríguez González

POLA ASOCIACIÓN GALEGA DE  
HEMOFILIA (AGADHEMO),

A PRESIDENTA,

Laura Quintas Lorenzo

